✦ b ✦ m	✦ B3.1. Responsabilidade no exercicio dos dereitos e dos deberes individuais nos grupos nos que se integra e participación nas tarefas e decisión destes. A disposición de apertura cara ao outro, ao compartir puntos de vista e sentimentos.	✦ B3.1. Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e sentimentos.	✦ VSCB3.1.1. Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración.	✦ CSC ✦ CSIEE
			✦ VSCB3.1.2. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.	✦ CSC ✦ CSIEE

✦ b	✦ B3.2. A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación igualitaria. As condutas solidarias. A aceptación incondicional do outro. A resolución de problemas en colaboración. Compensación de carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara ao outro, ao compartir puntos de vista e sentimentos. ✦ B3.3. Estruturas e técnicas da aprendizaxe cooperativa.	✦ B3.2. Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias.	✦ VSCB3.2.1. Aмосa boa disposición para ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.	✦ CAA ✦ CSIEE ✦ CSC
			✦ VSCB3.2.2. Emprega axeitadamente estratexias de axuda entre iguais.	✦ CAA ✦ CSIEE ✦ CSC
			✦ VSCB3.2.3. Respecta as regras durante o traballo en equipo.	✦ CSC
			✦ VSCB3.2.4. Emprega destrezas de interdependencia positiva.	✦ CSC ✦ CSIEE ✦ CAA



✦ A	✦ B3.4. Valoración Da necesidade de convivencia frutífera no ámbito social. Elaboración de normas de convivencia da aula e do centro positivas, facilitadoras e asumidas polo grupo e pola comunidade.	✦ B3.3. Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais.	✦ Vscb3.3.1. Percibe e verbaliza a necesidade de que existan normas de convivencia nos diferentes espazos de interacción social	✦ CCL ✦ CSC
			✦ Vscb3.3.2. Participa na elaboración das normas da aula.	✦ CCL ✦ CSC ✦ CSIEE
			✦ Vscb3.3.3. Respecta as normas do centro escolar.	✦ CSC
✦ c ✦ m	✦ B3.5. A resolución de conflitos. A linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. As fases da mediación formal. A transformación do	✦ B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade, coñecendo e empregando	✦ VSCB3.4.1. Resolve os conflitos de modo construtivo, con axuda dunha persoa adulta.	✦ CSC ✦ CSIEE
			✦ VSCB3.4.2. Manexa a linguaxe positiva na comunicación de	✦ CCL ✦ CSC

	conflito en oportunidade.	as fases da mediación e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.	pensamentos e intencións nas relacións interpersoais.	
			✦ VSCB3.4.3. Analiza as emocións, sentimentos e posibles pensamentos das partes en conflito.	✦ CSC ✦ CSIEE
✦ a	✦ B3.6. Identificación, recoñecemento e valoración dos dereitos de todos os nenos e de todas as nenas do mundo recoñecidos nas declaracións universais, no Estatuto de autonomía de Galicia e na Constitución española.	✦ B3.5. Comprender a importancia dos dereitos da infancia, valorando as condutas que os protexen.	✦ VSCB3.5.1. Argumenta a necesidade de protexer os dereitos básicos da infancia.	✦ CSC ✦ CCL
			✦ VSCB3.5.2. Xustifica a importancia de que todos os nenos e nenas reciban axuda.	✦ CSC
			✦ VSCB3.5.3. Razona as consecuencias da explotación infantil e a trata de nenos e nenas.	✦ CSC ✦ CSIEE

<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ a</li> <li>✦ d</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ B3.7. Os valores cívicos e o exercicio dos dereitos e deberes nas situacións de convivencia no contorno inmediato entre iguais.</li> <li>✦ B3.8. Dereitos dos nenos e das nenas. Relacións entre dereitos e deberes. Recoñecemento do seu carácter universal para todos os homes e as mulleres, sen discriminación.</li> <li>✦ B3.9. Realización e interpretación de gráficos sinxelos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ B3.6. Comprender a correlación entre dereitos e deberes, valorando situacións reais en relación aos dereitos da infancia e respectando a igualdade de dereitos de nenos e nenas no contexto social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ VSCB3.6.1. Expón verbalmente a correlación entre dereitos e deberes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ CSC</li> <li>✦ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ VSCB3.6.2. Razona a valoración de situacións reais expostas en internet, en relación aos dereitos da infancia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ CSC</li> <li>✦ CD</li> <li>✦ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ VSCB3.6.3. Expón mediante traballos de libre creación as conclusións da súa análise crítica das diferenzas na asignación de tarefas e responsabilidades na familia e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ CSC</li> <li>✦ CCEC</li> <li>✦ CCL</li> <li>✦ CD</li> <li>✦ CMCT</li> </ul>

			na comunidade escolar en función do sexo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ d</li> <li>✦ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ B3.10. As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise das medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades. Valoración da igualdade de dereitos de homes e de mulleres na familia e no mundo laboral e social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ B3.7. Comprender e valorar a igualdade de dereitos de homes e mulleres, a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e o coidado da familia, argumentando en base a procesos de reflexión, síntese e estruturación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ VSCB3.7.1. Expón de forma argumentada a importancia de valorar a igualdade de dereitos de homes e mulleres, a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e o coidado da familia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ CSC</li> <li>✦ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ VSCB3.7.2. Realiza traballos de libre creación investigando casos de falta de corresponsabilidade no coidado da familia presentados nos medios de comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ CSC</li> <li>✦ CD</li> <li>✦ CCL</li> <li>✦ CCEC</li> <li>✦ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ h</li> <li>✦ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ B3.11. A repercusión social, no presente e no futuro, de accións individuais e colectivas. Identificación de actitudes e de estratexias persoais e colectivas de coidado do medio e promoción de formas de vida saudables.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ B3.8. Realiza un uso responsable dos bens da natureza, comprendendo e interpretando sucesos, analizando causas e predicindo consecuencias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ VSCB3.8.1. Amona interese pola natureza que o rodea e síntese parte integrante dela.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ VSCB3.8.2. Razona os motivos da conservación dos bens naturais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ CSC</li> <li>✦ CCL</li> </ul>

			<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ VSCB3.8.3. Propón iniciativas para participar no uso adecuado de bens naturais razoando os motivos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ CSC</li> <li>✦ CSIEE</li> </ul>
✦ n	<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ B3.12. A educación viaria. Respecto cara ás normas de mobilidade viaria. Identificación das causas e grupos de risco nos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ B3.9. Valorar as normas de seguridade viaria, analizando as causas e consecuencias dos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ VSCB3.9.1. Colabora en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación viaria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ CSC</li> <li>✦ CSIEE</li> </ul>
	<p>accidentes de tráfico.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✦ B3.13. Identificación de actitudes e de estratexias persoais e colectivas que contribúen a consolidar condutas e hábitos viarios correctos.</li> </ul>	<p>accidentes de tráfico.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ VSCB3.9.2. Investiga sobre as principais causas dos accidentes de tráfico coa axuda das novas tecnoloxías.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ CSC</li> <li>✦ CD</li> <li>✦ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ VSCB3.9.3. Expón as consecuencias de diferentes accidentes de tráfico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ CSC</li> <li>✦ CCL</li> <li>✦ CMCT</li> <li>✦ CD</li> </ul>

### 2.7.2 Temporalización dos contidos:

Os contidos da materia de Valores Sociais e Cívicos correspondentes aos bloques B1 , B2 e B3 ,establécense para todo o curso dado o seu carácter básico na formación integral do alumnado

### 2.7.3 Concreción dos estándares de aprendizaxe mínimos avaliados.

<b>BLOQUE 1</b>	<b>BLOQUE 2</b>	<b>BLOQUE 3</b>
-----------------	-----------------	-----------------

<p>VSCB1.3.4. Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas</p> <p>VSCB1.4.1. Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo para a consecución de obxectivos</p> <p>VSCB1.7.2 . Desenvolve actitudes de respecto e solidariedade cara aos demais en situacións formais e informais da interacción social.</p>	<p>VSCB2.1.1. Expresar con claridade e coherencia opinións, sentimentos e emocións.</p> <p>VSCB2.7.1 Respecta e acepta as diferenzas individuais.</p>	<p>VSCB3.1.2. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.</p> <p>VSCB3.3.3 Respecta as normas do centro escolar</p> <p>VSCB3.7.1 Expón de forma argumentada a importancia de valorar a igualdade de dereitos de homes e mulleres, a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e o coidado da familia</p>
--	---	---

### **3. METODOLOXÍA**

#### **3.1 Metodoloxía xeral e específica, recursos didácticos e organizativos.**

Para comezar definimos a metodoloxía tendo en conta o Decreto 105/2014 do 4 de setembro polo que se establece o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia como o “conxunto de estratexias e acción organizadas e planificadas polo profesorado de maneira consciente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe e o logro dos obxectivos planteados.

No noso traballo diario teremos presente uns principios metodolóxicos común a todas as áreas resaltando:

- Énfase na atención á diversidade, na prevención de dificultades e a posta en marcha de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten en coordinación co D.O.
- Utilizaremos unha metodoloxía activa, inclusiva, activa e participativa dirixida ao logro dos obxectivos de etapa e a adquisición das competencias clave.
- A lectura será un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias citadas.
- Faranse actividades de aprendizaxe integradas que contribúan ao logro de varias competencias ao mesmo tempo.

O noso papel consistirá en guiar e mediar e para elo utilizaremos diferentes métodos segundo as necesidades: métodos expositivos, interactivos, de aprendizaxe individual, método tradicional e método por descubrimento xa que consideramos que todos son importantes. No lugar de subministrar só coñecementos, participaremos no proceso de construílos xunto coas alumnas e alumnos e para elo teremos en conta os seguintes criterios metodolóxicos de carácter xeral:

- Partir dos coñecementos previos do alumnado: Identificar os esquemas conceptuais que o alumnado ten sobre o tema en cuestión.
- Fomentar o nivel de desenvolvemento próximo: co fin de que poida asumir novos conceptos, os coloque nas súas redes de coñecemento e aumente o seu campo do saber.
- Utilizar: tormenta de ideas, cuestionarios, situacións hipotéticas, conflitos cognitivos, xogos de simulación...
- Respetar os ritmos individuais atendendo ás súas necesidades de forma específica.
- Favorecer a construción de aprendizaxes significativos: relacionar o aprendido con que xa sabía. O novo contido debe estar ao alcance do alumnado e saber en todo momento para que serve o que ten que aprender.
- Propor actividades que lles levarán a experimentar e investigar.
- Favorecer o traballo cooperativo.

- Espertar a motivación intrínseca: ter gañas de aprender para experimentar a satisfacción de coñecer cousas novas e non soamente para obter boas notas.
- Desenvolver a capacidade de reflexión de como aprendemos: tomar conciencia dos cambios producidos levaranos a reflexionar sobre o aprendido, sobre como o temos acadado e aumentaremos a capacidade de aprender a aprender.
- Incorporar a aprendizaxe en contextos realistas e relevantes.
- Utilizar a interdisciplinabilidade para aprender un mesmo concepto desde diferentes áreas.
- Utilizar as novas tecnoloxías.
- Confrontación con contidos de rango superior: aprender cousas que se saben non é aprender.

En todas as áreas que se imparten en cuarto de educación primaria seguiranse unha serie de principios:

- **Motivación:** consideramos fundamental partir dos seus intereses, demandas, necesidades e expectativas dos alumnos e alumnas.
- **Autonomía de aprendizaxe:** a metodoloxía presentada favorece a participación dos alumnos e alumnas nos métodos de ensinanza-aprendizaxe da seguinte forma:
  - Utilización dunha linguaxe sinxela, clara e estruturada nos novos contidos o nos que lle supoñen unha maior dificultade.
  - O énfase nos procedementos e técnicas de aprendizaxe, que inclúen unha reflexión sobre os contidos a estudar así como unha revisión final.
- **Atención á diversidade do alumnado:** A nosa intervención educativa cos alumnos asume como un dos seus principios básicos ter en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, así como os distintos intereses e motivacións.
- **Sensibilidade na educación en valores:** O progresivo acceso a formas de conduta máis autónomas e a crecente socialización dos alumnos fai obrigada a educación en valores. Esta contemplanse na presentación explícita de actividades que conducen á adopción de actitudes positivas sobre o coidado do propio corpo, a conservación da natureza, a convivencia...
- **Avaliación do proceso educativo:** a avaliación analiza todos os aspectos do proceso educativo e permite a retroalimentación, a aportación de informacións precisas que permiten reestruturar a actividade no seu conxunto.

A continuación centraremos na **distribución no espazo** dos nosos alumnos e alumnas. Debido a nova situación derivada da pandemia mundial da COVID-19 os alumnos e alumnas estarán distribuídos pola aula de maneira individual en catro filas mantendo unha separación entre eles de aproximadamente 1,5 metros. Cabe destacar que esta situación menciona limítanos moito a realización de actividades grupais ou en parella debido a que non poden acercarse nin compartir o material.

Este curso retomaremos as visitas a outras estancias do centro como a biblioteca para o préstamo de libros e a aula de informática, sempre pendentes da evolución da pandemia.

Tendo en conta a distribución do tempo os horarios serán os seguintes:

4º	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00-9:50	INGLÉS	L.CAST	L.CAST.	MAT.	C.SOC.
9:50-10:40	MAT.	E.F.	REL / VAL	INGLÉS	ROBÓTICA
10:40-11:30	L. CAST	C.SOC.	MAT.	C. NAT	C.N.
11:30-12:00	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
12:00-12:50	MÚSICA	L. GAL.	L.GAL.	L.CAST.	E.F.
12:50-13:40	L.GAL	MAT	INGLÉS	L.GAL	PLÁSTICA
13:40-14:00	PLAN LECTOR	PLAN LECTOR	PLAN LECTOR	PLAN LECTOR	PLAN LECTOR

### 3.2 Actividades e estratexias de ensinanza- aprendizaxe:

As estratexias son os procesos que serven de base á realización de tarefas intelectuais, é dicir, refírese ás condutas ou pensamentos que poden facilitar a aprendizaxe.

A continuación detallamos unha serie de estratexias a pór en práctica na aula de 4º de primaria:

- Utilización da pantalla na aula para a explicación dos contidos con apoio de imaxes e audio.
- Orientar as actividades de aprendizaxe dos alumnos
- Realización de mapas conceptuais para repetir información co fin de codificala e rexistrala no seu pensamento.
- Facer conexións entre os coñecementos previos e os novos.

- Ter na aula un clima afectivo para mellorar as condicións nas que se desenvolve o proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Actividades de atención.
- Apoiar a aprendizaxe dos alumnos para que eles atopen as solucións por si mesmos.
- Organizar apoios para os alumnos con algunhas dificultades en calquer área.

- Avaliación das aprendizaxes realizadas.

### 3.3 Recursos e materiais:

Dentro dos recursos que se van a empregar como medio para canalizar a acción docente durante o curso para levar a cabo esta proposta destacan os seguintes:

- a) **Recursos humanos:** pais , profesor titor, outros profesores, centro, familia e sociedade.
- b) **Recursos materiais:** podemos clasificalos en:
  - a. Obxectos do entorno: produtos naturais (rochas, plantas, animais..), materiais de refugallo; elementos do entorno:
  - b. Materiais elaborados: material funxible, utensilios (tesoiras, punzóns...) maquetas, modelos, xogos didácticos.
- c) **Recursos impresos:** Libros de textos, libros contos, libros de consulta, murais, láminas, xornais, revistas, fichas de rexistro, guías.
- d) **Audiovisuais:** prioritariamente o uso de fotografías e vídeos sinxelos
- e) **Informáticos:** ordenador, canon de imaxes, uso das TIC de maneira habitual e uso da aula virtual do centro.
- f) **Recursos do profesor:** guías didácticas, adaptacións, libros de actividades reforzo e ampliación.... Uso de actividades interactivas, animacións, vídeos, autoavaliacións.

### 3.4 Metodoloxía na docencia non presencial:

Debido a situación actual por mor da COVID-19 en cuarto curso de educación primaria traballarase da seguinte forma en caso de confinamento:

- Utilizarase a aula virtual do centro para adxuntar materiais e actividades aos alumnos e alumnas, ensinándolle previamente a utilización e o funcionamento da mesma na clase, a través da hora de informática.
- Teremos en conta o correo electrónico propio do centro creado para alumnos e profesores (cpidosdices.org) para a comunicación coas familias e co alumnado.
- Levaranse a cabo videoconferencias a través da aplicación webex para manter o contacto cos alumnos e alumnas e apoiar os contidos que conteñan máis dificultade.
- Tamén se lles ensinará a traballar coa aplicación Microsoft Word ou no seu defecto Open Office para o envío de actividades resoltas e poder corrixilas por parte dos mestres.
- O uso de actividades interactivas así como o uso de vídeos e ferramentas electrónicas estará moi presente nesta situación.

## 4. AVALIACIÓN:

### 4.1 Instrumentos de avaliación:



- **Probas escritas:** pode ser calquera proba que recolla a información nun texto de forma escrita. A modo de exemplo mencionamos:
  - a. Exames.
  - b. Ditados.
  - c. Controis diarios.
  - d. Fichas de repaso.
  - e. Redaccións.
  
- **Probas lectoras:** trazamos unha proba na que o neno ten que ler un texto dunha extensión adecuada á súa idade, para despois traballar sobre iso. A modo de exemplo mencionamos:
  - a. Lecturas compartidas.
  - b. Voz baixa.
  - c. Utilizando todos o mesmo texto.
  - d. Utilizando todos textos diferentes.
  - e. Lectura en voz alta.
  - f. Lectura cooperativa.
  
- **Probas orais:** probas concretas nas que se pide unha información de extensión variable utilizando como medio preferente a expresión verbal pola vía oral. A modo de exemplo mencionamos:
  - a. Exposicións.
  - b. Dramatizacións.
  - c. Presentacións.
  - d. Chistes.
  - e. Contacontos.
  - f. Faladoiros.
  - g. Debates.
  
- **Tarefas finais (competenciais):** conxunto de exercicios e actividades que perseguen a realización dun produto final significativo e próximo ao contorno

cotián. Nel requírese o manexo de diversas habilidades para resolver problemas en contornos relevantes de forma autónoma. A modo de exemplo mencionamos:

- a. Debates.
- b. Dramatizacións.
- c. Contacontos.
- d. Investigacións.
- e. Construción de máquinas simples
- f. Enquisas.
- g. Viaxes virtuais.

- **Caderno de aula:** recolleremos información tamén de forma puntual a partir do caderno para valorar distintas actividades, así como a súa organización e limpeza.
- **Observación diaria:** valoración do traballo de cada día, instrumento moi utilizado para calibrar hábitos e comportamentos desexables.
  - **Actitude, participación. esforzo, interese e comportamento**

#### 4.2 Avaliación inicial:

Durante o mes de setembro faranse diferentes probas orais e escritas para ver o punto de partida da nosa programación e adecuar a nosa actuación as necesidades dos alumnos e alumnas tendo en conta o currículo.

Os datos obtidos desta avaliación inicial serán recollidos nun rexistro na libreta de titoría.

#### 4.3 Calificación e promoción.

O proceso avaliación realizarase mediante observación directa e observación indirecta a través da revisión do traballo diario, participación, probas de control... Os datos acadados serán recollidos nunha listase de control e no dietario

Criterios de cualificación	Valoración	Instrumentos utilizados
----------------------------	------------	-------------------------

Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas na unidade	60%	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realización de probas escritas, orais, probas lectoras ao finalizar cada unidade e ao final do trimestre</li> </ul>
Realización do traballo na aula: <ul style="list-style-type: none"> <li>Realización adecuada do traballo</li> <li>Organización dos materiais</li> <li>Presentación do caderno</li> </ul>	20%	<ul style="list-style-type: none"> <li>Caderno de aula, observación diaria</li> <li>Rexistro de actividades da clase</li> <li>Rexistro de organización de materiais</li> </ul>
Valoración de actitudes na aula: <ul style="list-style-type: none"> <li>Escoita, participación, esforzo e colaboración</li> <li>Actitude e comportamento</li> </ul>	20%	<ul style="list-style-type: none"> <li>Rexistro de participación</li> <li>Rexistro de actitude na aula</li> <li>Rexistro da valoración dos compañeiros (caderno de equipo)</li> <li>Comportamento</li> </ul>

Nas probas de avaliación, cada actividade cualificarase con 2 puntos, 1 punto, 0,5 puntos, se se resolveu correctamente, en función do número de preguntas. No caso de que a resolución non sexa errónea, pero sexa incompleta ou falte algún elemento esencial, pódese valorar con 0,75 puntos, 0,5 puntos ou 0,25. A cualificación máxima da proba será de 10 puntos.

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BI), Notable (NT), o Sobresaínte (SB) para as cualificacións positivas. Ditos termos irán acompañados dunha cualificación numérica, sen decimais, nunha escala do uno ao dez, coas seguintes correspondencias:

- Insuficiente: 1, 2, 3 e 4.
- Suficiente: 5.
- Ben: 6.
- Notable: 7 e 8.
- Sobresaínte: 9 e 10.

A nota media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das áreas será a media aritmética das cualificacións de todas elas, redondeada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

As datas de avaliación para o curso 2021-2022 serán as seguintes:

<b>Avaliacion inicial</b>	<b>1ª Avaliación</b>	<b>2ª Avaliación</b>	<b>3ª Avaliación</b>
---------------------------	----------------------	----------------------	----------------------

Martes 5 de outubro	Martes 14 de decembro	Martes 5 de abril	Martes 14 de xuño
---------------------	-----------------------	-------------------	-------------------

#### 4.4 Avaliación na docencia non presencial:

A avaliación en caso de confinamento das actividades que se realizarán será da seguinte maneira:

- Dáremoslle importancia á conexión e ao interese dos alumnos e alumnas na realización das actividades que se enviarán á aula virtual así como o reenvío das mesmas ao profesorado dentro das datas establecidas. **(60%)**.
- Por outra banda tamén se terá en conta a participación nas videoconferencias a través da plataforma Webex para resolver dúbidas, realizar actividades horarios... **(20%)**.
- Tamén se realizarán probas escritas enviadas a través da aula virtual do centro e que se realizarán de forma individual, enviando as respostas ao profesor ou profesora correspondente **(20%)**.

É importante deixar claro que estes porcentaxes poden sufrir cambios e variacións dependendo da situación sociofamiliar do alumnado e do desenvolvemento nas novas tecnoloxías da comunicación e información.

#### 5. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.CONMEMORACIÓNS AO LONGO DO CURSO.

Debido á situación actual por mor da pandemia da COVID-19 non se plantearán e crearán actividades complementarias e extraescolares a curto prazo. Depedendo da súa evolución ao longo do curso teremos presentes diferentes saídas pola contorna do centro, sempre avisando con antelación ás familias dos alumnos e alumnas e contando coa aprobación do Consello Escolar tal e como se establece na Orden do 22 de Xullo de 1997 polo que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e centros de educación primaria.

Por outra banda as conmemoracións que se terán en conta son as establecidas na Orde do 25 de Xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia no seu artigo 8 Conmemoracións. Serán as seguintes:

- 20 de novembro de 2020: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2020: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2021: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.

- 3 de decembro de 2021: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2021: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2022: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2022: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 8 de marzo de 2022: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2022: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 8 ao 12 de marzo de 2022: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 7 de abril de 2022: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 19 ao 23 de abril de 2022: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2022: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2022: Día de Europa.
- Do 10 ao 14 de maio de 2022: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2022: Día Mundial do Ambiente.

## **6. CONTRIBUCIÓN AOS DIFERENTES PLANS DO CENTRO.**

### **6.1 Plan lingüístico:**

A competencia lingüística traballarémola desde cada área . A expresión oral e escrita e a comprensión oral son a ferramenta básica para que haxa unha comunicación eficaz na aula. As actividades que se van organizar para a dinamización da lingua galega serán determinadas polo EDLG ao inicio do curso. Ditas actividades deberán estar relacionadas cos seguintes aspectos:

Mellorar o contexto sociolingüístico de centro en lingua galega

Maior emprego da lingua galega por parte do alumnado e profesorado

Maior presenza ambiental do galego no centro.

Intentaremos participar e colaborar en cada unha das actividades que se nos propoñan tales como:

Día da Biblioteca: 24 de Outubro

Día do Libro: 23 de abril

Día das Letras Galegas: 17 de Maio.

Lecturas compartidas.

Xogos.

Concursos.

## **6.2 Plan de convivencia:**

Consideramos que a convivencia é un obxectivo formativo fundamental no proceso educativo e non só un conxunto de normas disciplinarias. Por iso debemos establecer canles para a aprendizaxe da convivencia dialogada e pacífica.

As medidas e estratexias para mellorar a convivencia han de desenvolverse nun marco protector amplo que recolla medidas de carácter educativo e organizativo.

Establecemos as seguintes medidas:

- Presentan as normas claras de convivencia mediante murais alusivos para que sexan comprendidas polos alumnos .
- Crearemos un clima de confianza aceptando as iniciativas dos alumnos/as.
- Facemos un reparto equilibrado de responsabilidades e tarefas mediante a figura do encargado/a, que irán rotando .
- Fomentaremos a aprendizaxe cooperativa.
- Traballaremos habilidades sociais, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos e a dinámica de grupos, mediante a participación do grupo clase, en sesións de valoración da convivencia.
- Rexeitaremos as actividades grupais discriminatorias, fomentando o compañeirismo.
- Fomentaremos a participación e a responsabilidades do coidado do centro relativas aos espazos comúns (biblioteca, pasillos, patios, baños,...).
- Cando sexa necesaria unha corrección ou sanción, ésta terá un propósito formativo estimulando cambios cognitivos, emocionais e conductuais.

## **6.3 PLAN TIC**

### **6.3.1 A Comunicación audiovisual.**

- Incrementar a comprensión crítica dos medios de comunicación: televisión, cine, vídeo, radio, fotografía, materiais impresos e programas de ordenador.
- Desenvolver o pensamento crítico e a capacidade creativa a través da análise e a produción de materiais audiovisuais.

### **6.3.2 As tecnoloxías da información e comunicación:**

A continuación anotamos as principais funcións das TIC nos entornos educativos:

- Medio de expresión: escribir, webs...

- Fonte aberta de información: Internet...
- Instrumento para procesar a información.
- Canal de comunicación presencial: Pizarra dixital permite participar máis en clase.
- Medio didáctico: materiais interactivos autocorrectivos.
- Ferramenta para a avaliación e diagnóstico.
- Motivadoras: motivación dos motores da aprendizaxe.
- Poden facilitar a labor docente: tratamento diversidade, avaliación, titorías, contacto familias.
- Supón a aprendizaxe de novos coñecementos e competencias.

Na aula utilizaremos as TICS da seguinte maneira:

#### **A pizarra dixital na aula:**

- Coa pizarra dixital pódese proxectar ou compartir calquera información.
- Traballo interactivo: realización de exercicios de reforzo ou ampliación.
- Utilización de buscadores: para ampliar a información.
- Os estudantes presentan os seus traballos na clase: o que presenta cada grupo serve de repaso para os demais. O mestre pode ampliar aspectos, corrixir e valorar os traballos.
- Realización de exercicios e debates “entre todos”.
- Corrección “entre todos” de exercicios na clase.
- Proxección das nova dos diarios dixitais.

#### **O rincón do ordenador:**

- O ordenador poderase utilizar como fonte de información e aprendizaxe. Utilización de xogos de reforzo de ortografía, matemáticas... (Jclic...)
- Exercicios de recuperación de contidos on-line...
- O blog de aula.

#### **Uso individual de los ordenadores:**

- Utilización da aula de ordenadores.
- Exercicios “a medida” de ampliación, reforzo ou avaliación (tratamento da diversidade): realización de determinados exercicios das plataformas de contidos ou de Internet.

- Avaliación individual con programas tipo test.

### **Outras actividades:**

- Lectura e interpretación de imaxes e viñetas.
- Lectura de viñetas.
- As sinais e carteis dun centro comercial.
- As sinais de tráfico.
- Relación de imaxes cun texto oral.
- Descrición da secuencia dun texto oral ordenando viñetas.
- Lectura e comprensión de imaxes.
- Lectura de imaxes. Ilustración de palabras.
- Descrición de imaxes.
- Invención de títulos.
- Imaxes e cadros.
- Táboas e cadros.
- Imaxes e filas.
- Carteis sobre a saúde, hábitos saudables, deportes.
- Completar un debuxo.
- Búsqueda de información.
- Interpretación de ilustracións relacionadas co tempo, o aire e a auga.
- Búsqueda de información sobre o aforro de auga para facer un cartel.
- Viaxar ao espazo.

## **6.4 PLAN LECTOR:**

### **6.4.1 Fomento da lectura.**

A utilización da Literatura Infantil constitúe un poderoso recurso educativo que permite enriquecer a tarefa docente. A adquisición de valores sociais e individuais, as actitudes, a reflexión colectiva e o desenvolvemento progresivo do espírito crítico do alumnado pode e debe sustentarse nas secuencias de aprendizaxe xeradas pola literatura infantil, tanto na aula como na biblioteca escolar. Esta última constitúe, sen dubida, unha oportunidade para construír un espazo de



aprendizaxe e axudar ao alumnado a acadar un maior desenvolvemento da súa competencia literaria, e as destrezas sociais e comunicativas que conleva.

En canto á animación ou promoción da lectura, recordaremos que se trata dun conxunto de actividades, técnicas e estratexias que perseguen a creación e o fomento de hábitos lectores sólidos e estables, co fin de desenvolver lectores activos, críticos e competentes, capaces de comprender mensaxes diferentes e de relacionar unha historia co seu contexto. É moi importante descubrir o pracer da lectura a estas idades temperás porque “engancha”.

### Principios que nos van guiar a intervención educativa.

A educación literaria implica unha intervención docente cos seguintes obxectivos:

- Descubrir a lectura como experiencia satisfactoria, favorecendo as experiencias de comunicación literaria.
- Aprender a construír por medio do sentido do texto, é dicir, da experiencia humana que lle ofrece a obra literaria.
- Coñecer as particularidades discursivas, textuais e lingüísticas dos textos literarios.
- Estes tres compoñentes da educación literaria son solidarios: quen no chegue a experimentar o pracer da lectura, dificilmente sentirá inclinación por aprender cousas que lle axuden a entender mellor e a desfrutar máis as obras literarias.

### Para formar aos lectores temos que :

- Elixir textos tendo en conta a diversidade de gustos, expectativas e competencias lectoras do alumnado.
- Suscitar a implicación dos alumn@s ante a comunicación literaria para espertar o pracer estético e algún tipo de emoción.
- Axudarlles a desenvolver a súa capacidade de análise.
- Contribuír ao desenvolvemento das capacidades de comprensión dos textos, mediante estratexias de comprensión lectora.

Contar contos de tradición oral, cantar cancións, dicir refráns, adiviñas, cancións de berce..., xunto coa lectura de textos, recitación, transformación e creación estarán asociadas a experiencias prazenteiras. Estas experiencias levarán aos rapaces a entender que formas diferentes, variedades lingüísticas distintas, serven para satisfacer as mesmas necesidades. Entre as actividades literarias apropiadas están as relacionadas co conto, a recitación de poemas, fábulas, e as dramatizacións.

Na actualidade, é un feito que os rapaces len moi pouco; a explicación é que non hai hábito de lectura ou por problemas de atención ou falta de comprensión do que len; e, por outro lado, por

identificar a lectura como unha obriga máis , desprovista do seu carácter intencional e lúdico. A lectura é hoxe esencial e imprescindible. As deficiencias de comprensión e a utilización da lectura como unha simple técnica de desciframento, son a base do fenómeno do fracaso escolar.

Para dar resposta a esta situación, plantexamos diversas estratexias dentro da aula:

- Lectura diaria en calquera área.
- Na aula teremos o recuncho de lectura, cunha pequena biblioteca escolar cos libros máis significativos.
- Deixaremos liberdade para que elixan o que lles chame a atención, ofrecéndolles unha variedade de libros que sexan adecuados a súa idade e nivel.
- Animaremos a que o rapaz ou rapaza se transforme no protagonista da historia, que a interiorice e a faga súa.
- Partiremos da lectura como recurso lúdico, así acadaremos que comprendan, que poida utilizala para adquirir novos coñecementos e fomentar a súa aprendizaxe, ensinándolle estratexias para elo. Deste xeito acadaremos *“ler para aprender”*
- Organizaremos controis de lectura, fichas de seguimento.
- Hora de ler: na aula, ao aire libre , na biblioteca ou nun recuncho calquera do centro.
- A primeira hora do día narraremos unha pequena historia, poesía, trabalinguas...
- Compartiremos libros dos propios alumnos.
- Contarán aos demais que foi o que máis lles gustou o non do libro lido.
- Cubrirán a ficha de cada libro lido e o anotarán no seu lectómetro.

En relación á biblioteca do centro:

- Ofrecemos dentro do horario escolar un tempo determinado para a práctica da lectura libre.
- Diseñar estratexias e proxectos de animación á lectura.
- Animar á práctica da lectura nos alumnos, ofrecendo espazos de sedución e de intercambio de experiencias, co fin de asociar a lectura co ocio e o tempo libre.
- Sesións de lectura, narracións de historias, obras de teatro...
- Encontros con autores, ilustradores e periodistas.
- Faremos listas de libros, dvd, recomendados polo alumnado.
- Preparar sesións especiais en torno ao día ou semana das bibliotecas, do Samaín, dos Dereitos dos nenos, do libro infantil e xuvenil...
- Festival da lectura, no que os rapaces presentarán os seus libros favoritos.

A intervención educativa irá orientada á adquisición de hábitos de lectura por pracer, de respecto polas normas de uso e a favorecer a actitude colaboradora no bo funcionamento da biblioteca.

A lectura debe fomentarse como unha aprendizaxe funcional desde o lúdico lectura e escritura camiñan da man. Se somos capaces de facer “bos lectores”, eles sentirán a necesidade de comunicarse de maneira correcta por medio da escritura.

Por todo iso, tentaremos involucrar ás familias se realmente desexamos que se consolide o hábito lector.

#### **6.4.2 Técnicas para desenvolver as habilidades de comprensión lectora.**

A comprensión do lido abarca 4 procesos básicos:

- Interpretar: formar unha opinión con respecto a un texto, entender o seu significado, sacar ideas centrais, as secundarias, deducir, predicir consecuencias...
- Reter os detalles fundamentais.
- Organizar, formular hipóteses e predicións, esquematizar.
- Para valorar, captar o sentido do lido, establecer relacións causa-efecto, separar o verdadeiro do falso.

Á hora de elixir un texto teremos en conta o seguinte requisito : Partiremos dos intereses dos nosos alumnos e alumnas xa que consideramos que son eles os que deben elixir que queren ler. Transmitiremos ao alumnado o gusto e o pracer pola lectura para elo fomentaremos a animación á lectura.

Teremos en conta os seguintes principios metodolóxicos:

- Antes de iniciar a lectura do texto: é preciso discutir o obxectivo, aclarar o sentido da tarefa. É moi importante activar os seus coñecementos previos mediante: preguntas e aclaración de conceptos, predicións a través do título, do tema, discusións e comentarios, chuvia de ideas.
- Durante á lectura do texto, debemos abordar distintos procedementos para resolver problemas de comprensión do texto como: avanzar, retroceder, realizar inferencias, buscar no dicionario, plantexar actividades de lectura compartida, formular preguntas.
- Finalmente, o traballo de comprensión pode completarse coa análise dos feitos reais e imaxinarios, interpretación do dobre sentido e humorístico, cambiar o final do texto, imaxinar outras personaxes.

#### **6.4.3 Técnicas específicas para o desenvolvemento da linguaxe oral.**

Debemos insistir nunha serie de aspectos que requiren técnicas específicas e exercitación sistemática. Estes son: vocabulario, descrición e narración, conversación e debates.

**Vocabulario:** ten un carácter básico na comunicación oral e do seu dominio dependen:

- A capacidade de comprensión plena das mensaxes orais.
- A capacidade de expresión fluída, clara e precisa.
- Con respecto ao vocabulario interéstanos ensinarlles a utilizalo correctamente na súa vida diaria.
- Trátase de equilibrar o vocabulario de comprensión e o de expresión, de forma que o rapaz ao falar utilice todas as palabras que comprende.

Para elo, propiciaremos uns ambientes lúdicos e utilizaremos as seguintes técnicas:

- Estímulo visual: láminas, fotografías, debuxos, xestos.
- Exercicios de adiviñar, completar e inventar. Axudar a recordar, discriminar e fixar significados de palabras aprendidas. Favorecer unha participación activa.
- Xogos e exercicios de asociación en torno a palabras determinadas: formación de contrarios e sinónimos. Composición e derivación.

### **Descrición e narración:**

Perfeccionan o desenvolvemento da comunicación oral. A descrición é unha “pintura feita con palabras”. Debe ter unhas características de detalle, precisión e claridade que a fan moi útil para a aprendizaxe da lingua oral.

A narración é un relato de sucesos reais e imaxinarios. A súa característica principal é a orde e a claridade na exposición de feitos, calidades moi útiles para a función comunicativa da linguaxe. Por tanto, no noso traballo co alumnado, debemos buscar unha idea ou unha personaxe central, arredor do que xire o demais.

É fundamental que o rapaz organice ben os feitos:

- Organización cronolóxica: o tempo, o que vai antes e despois.
- Organización xerárquica: importancia dos feitos ou personaxes.

Gianni Rodari, na súa Gramática da fantasía (1991), ofrece técnicas útiles con compoñente lúdico fundamental e que podemos utilizar con gran proveito:

- Crear unha historia a partires dunha palabra.
- Crear unha historia a partires de dúas palabras relacionadas ao azar: sacadas dun libro, que os rapaces as escriban cada uno nun extremo da pizarra...
- Escoller para unha serie de palabras na que todas menos unha sexan congruentes.
- Formular hipóteses imaxinativas unindo ao azar suxeitos e predicados.
- Utilizar creativamente as equivocacións .

- Cambiar obxectos, modificar elementos, dar vida a seres inanimados.
- Terminar historias que contemos e non coñezan o final.

### **Conversación e debates:**

Constitúe exercicio de comunicación oral que pode que teña máis valores didácticos. Na conversación, o rapaz exercita e desenvolve habilidades de tres tipos:

- Habilidades de carácter mental: esforzo por comprender o que din os demais.
- Diferenciar os aspectos fundamentais dos accesorios; intento de apertura e comunicación cos demais, esforzo por saír da linguaxe egocéntrica
- Habilidades de carácter social: saber escoitar, saber aceptar suxerencias, críticas •  
 Habilidades de carácter lingüístico: vocabulario, estrutura sintáctica, funcións da lingua.

### **Actividades:**

- Retahílas
- Rimas
- Trabalinguas
- Adiviñas
- Situacións para contar a fin de semana
- Resumir un libro
- Asembleas
- Debates
- Contar contos y chistes
- Recitar poesías
- Realizar dramatizacións

#### **6.4.4 Estratexias de ensinanza-aprendizaxe da escritura:**

As actividades escritas deben atender a necesidades reais de comunicación.

- Para que este aprendizaxe sexa significativo e funcional, será preciso aproveitar todas aquelas situacións da vida cotiá nas que se precisa a escritura (apuntar algo para recordalo, planificar unha saída) Favoreceremos o coidado na presentación, o interese no uso dunha letra clara e lexible, e o respecto cara as convencións da lingua escrita.
- Traballaremos con textos variados (descricións, poemas, contos, murais, cómics,...) e contaremos cos materiais de apoio precisos para a elaboración do texto (dicionarios, fichas de consulta, textos modelo, etc.)

- Á hora de elaborar un texto ofreceremos para que organice as ideas e empregue diversos recursos que lle axuden a formular os propios pensamentos.
- Proporemos comentarios colectivos nos que se actualicen os coñecementos dos alumnos. Buscaremos información complementaria en diversas fontes e ofreceremos algún esquema previo. Tamén facilitaremos ideas ou palabras clave...
- Un uso axeitado da copia, o ditado e o dicionario pode supor un bo medio auxiliar para o tratamento da ortografía, e ser instrumentos interesantes para a autoevaluación, si están orientados á aprendizaxe e non ao control do dominio ortográfico.
- Por último, unha vez elaboradas, é importante facer públicas as producións dos alumnos. Por iso, incorporaremos algúns dos seus textos na biblioteca de aula e favoreceremos situacións nas que lean os seus escritos en clase.

### **ACTIVIDADES:**

- ✦ Presentar a introdución e o desenlace dunha historia para que eles constrúan o nó.
- ✦ Presentar un conto en 3ª persoa e que o pasen a 1ª.
- ✦ Introducir un conto e que cada un invente a súa personaxe.
- ✦ Utilizar a axenda de clase.
- ✦ Elaborar un diario de fin de semana.
- ✦ Pequenas reseñas para a Web do centro ou blog de aula.
- ✦ Reseñas dun experimento.
- ✦ Inventar o título dunha noticia ou historia.
- ✦ Crear poesías, adiviñas....
- ✦ Aprender a elaborar mapas conceptuais.

### **7.CONCLUSIÓN**

Cabe mencionar como conclusión que, xa que poden xurdir núcleos xeradores ou xerados polos intereses inmediatos dos nenos e nenas, esta programación é flexible, xa que ao longo proceso de ensino-aprendizaxe deberemos adaptarnos ás características dos nosos alumnos e ás situacións que nos vaíamos atopando ao longo do curso académico.